

SAL. 009233 27.09.12 11:31

**INSTRUCCIÓN XV/2012 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), RELATIVA Á APLICACIÓN DA SUPRESIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012 ESTABLECIDA POLO REAL DECRETO LEI 20/2012 DO 13 DE XULLO**

O artigo 2 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE do día 14), establece, con carácter de norma básica, que o persoal do sector público verá reducidas as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro, como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional do complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes, e adopta unha serie de medidas segundo as distintas categorías do persoal.

Pola súa banda, a Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (DOG do día 9 de agosto), recolle na súa Disposición adicional quinta que as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes, realizarán as operacións precisas para aplicar a redución da percepción da paga extraordinaria de decembro co contido e alcance sinalado no seu artigo 1.2. No dito artigo se establecen tamén unha serie de medidas para a aplicación da supresión da paga extraordinaria.

Polo anteriormente exposto, e para aplicar as medidas recollidas nas normas antes mencionadas ao persoal da USC, una vez informados os órganos de representación do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos, **esta Xerencia**, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral do 1 de agosto de 2011 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, **resolve**:

**1. Persoal docente e investigador funcionario e laboral (PDI), persoal funcionario de administración e servizos (PAS funcionario), e outro persoal que perciba dúas pagas extraordinarias ao ano.**

O PDI funcionario e laboral, o PAS funcionario e outro persoal que perciba dúas pagas extraordinarias ao ano, non percibirá no mes de decembro as cantidades correspondentes á paga extraordinaria polos distintos conceptos retributivos que a integran.

**2. Persoal laboral de administración e servizos (PAS laboral)**

Ao PAS laboral, que ven percibindo tres pagas extraordinarias ao ano, reduciráselle unha catorceava parte das súas retribucións totais anuais, que se prorrateará entre as nóminas pendentes de percibir. O prorrateo da dita redución efectuarase en partes iguais nas nóminas dos meses de setembro e decembro de 2012, meses nos que correspondería o abono de dúas das tres pagas extraordinarias.

**3. Persoal ao que no seu réxime retributivo non se lle contempla expresamente a percepción de pagas extraordinarias ou as percibe de forma prorrateada**

A este persoal se lle reducirá unha catorceava parte das súas retribucións totais anuais de forma prorrateada nas nóminas dos meses de setembro, outubro, novembro e decembro.

**4. Non se lle aplicará ningún tipo de redución a aquel persoal cuxas retribucións por xornada completa, excluídos os incentivos ao rendimento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o**

salario mínimo interprofesional establecido no Real Decreto 1888/2011, do 30 de decembro.

5. Ao persoal que remate a súa prestación de servizos antes do día 31 de decembro de 2012, practicaráselle a redución que lle corresponda, segundo o establecido nos puntos anteriores, tendo en conta a data de finalización da dita prestación.

6. Para os efectos do cálculo da base de cotización por todas as continxencias do persoal encadrado no Réxime Xeral da Seguridade Social, estarase ao disposto no artigo 5 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo.

7. A regularización do tipo de retención do IRPF que proceda realizar, calcularase segundo o previsto no artigo 87 do Regulamento do impostos sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2012

A xerenta



M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira